

## Concello de Outes

**Expediente núm.:** 960/2019

**Procedemento:** Modificación de Ordenanza Fiscal número 4 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

**Data de iniciación:** 03/10/2019

### ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á modificación da Ordenanza número 4 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras do Concello de Outes, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días naturais a partires da publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b>	<i>En primeiro lugar, levar a cabo a adaptación do texto da ordenanza á nova regulación que supuso a introdución do réxime de control ex post baseado nunha declaración responsable pola Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.</i> <i>En segundo lugar, mellorar a progresividade do</i>
---	---



## Concello de Outes

	<i>imposto aplicando un tipo impositivo máis elevado ás infraestruturas para a produción enerxética desenvolvidas por sociedades mercantís, que supoñan un investimento superior aos 600.000 €.</i>
<b>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación</b>	<i>A necesidade de adaptación ao novo réxime que rexe dende o ano 2012 é obvio, ao tratarse de algo que xa se debería ter realizado dende dito momento. É necesario elevar o tipo impositivo para as infraestruturas sinaladas no punto anterior para corrixir canto antes a falla de progresividade do imposto e poder se aplicado o novo tipo impositivo as infraestruturas futuras.</i>
<b>Obxectivos da norma</b>	<i>- Adaptar o réxime regulamentario ao réxime legal. - Introducir unha progresividade no imposto respecto das infraestruturas para a produción enerxética desenvolvidas por sociedades mercantís, que supoñan un investimento superior aos 600.000 €.</i>

En Outes, no día da data sinalada á marxe

O alcalde, Manuel González López

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

